



BOP

VENRES, 19 DE XULLO DE 2024

N.º 167

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-5806 "FREAN (LU-617) -DIOMONDI - LU-617" P.K. 0+000 A 8+181

EXPTE GTM: 2024/CON_01/000046

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 15 de xullo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2140

CONCELLOS

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria, celebrada o día 5 de xullo de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XUÑO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil douscentos vinte e dous euros con cincuenta e cinco céntimos (4.222,55 €), correspondendo mil novecentos sesenta e oito euros (1.968,00€), á libre concorrência e dous mil douscentos cincuenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (2.254,55 €) á dependencia .

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 10 de xullo de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2141

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio*

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 11 de xullo de 2024, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2024, modificación orzamentaria nº6/2024, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de xullo de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2151

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 04 de xullo de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de XUÑO de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de XUÑO de 2024: 2.935,53 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de agosto de 2024 e o 01 de setembro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 8 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2157

POL*Anuncio***Exposición ao público do expediente de aprobación da Conta Xeral do Concello de Pol do exercicio 2023.**

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada

pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 10/07/2024, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales quen se estime interesado poderá presentar as reclamacións, reparos ou observacións que considere.

Pol, 12 de xullo de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2142

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **4 de xullo de 2024** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xuño de 2024**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 4 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2143

SARRIA

Anuncio

O día 12/07/2024, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2024-1163, aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso de selección polo sistema de mobilidade de dúas prazas de policía local.

Outórgase un prazo de **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para alegacións á referida lista.

Expediente núm.: 35/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE DÚAS PRAZAS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL

Antecedentes:

No Boletín Oficial do Estado número 28 de data 01/02/2024 publicouse convocatoria para a provisión de dúas prazas de policía local mediante o sistema de mobilidade, abríndose o prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte desta última publicación.

Constando persoas excluídas e considerando que na base 4.1 se establece que esta alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso, así como os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar, conforme o punto 4 das bases, a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDO	CELGA	CAUSAS EXCLUSIÓN
Armesto de Hojas, Oliver	***216***	NON	NON	1, 2, 3
Pérez Soto, Iván	***532***	SI	SI	

1.- Non aporta certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na devandita categoría, de contar

cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non atoparse en situación administrativa de segunda actividade

2.- Non aporta relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados dos que consta o concurso, segundo o especificado no apartado “6. PROCESO DE PROVISIÓN”

3.- Non aporta titulación esixida nas bases

SEGUNDO. Publicar, conforme o punto 4 das bases a relación provisional de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de **10 días hábiles**, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida.

Sarria, 12 de xullo de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2144

Anuncio

Formalización de contratos: operarios de obras

Estabilización de emprego temporal

O día 12/07/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2024-1161, ditou a seguinte resolución:

“Expediente: 47/2023

Procedemento: *Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, de dúas prazas de Operarios de Obras, Grupo V, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.*

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 18/06/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.1.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación das seguintes persoas:

*López Trashorras, Noel (**406*)*

*López López, Héctor (**394*)*

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que ambos aspirantes presentaron a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o establecido na bse 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a dilixencia de conformidade n.º 2024-2022 emitida pola Intervención Municipal, con data 11/07/2024.

*De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Contratar a Noel López Trashorras (**406*) e a Héctor López López (**394*), como persoal laboral fixo para ocupar as prazas de Operarios de Obras, Grupo V, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.*

SEGUNDO.- *Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>.*

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde-Presidente, en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá

interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.”

Sarria, 12 de xullo de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2145

Anuncio

Formalización de contrato: psicóloga CIM

Estabilización de emprego temporal

O día 12/07/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2024-1160, ditou a seguinte resolución:

“**Expediente:** 80/2023

Procedemento: Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, de unha praza de Psicólogo/a do CIM, Grupo I, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 21/06/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación da seguinte persoa:

Gómez Díaz, Noelia (**437*)

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte da persoa proposta.

Considerando que a aspirante presentou a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Vista a dilixencia de conformidade n.º 2024-2026 emitida pola Intervención Municipal, con data 11/07/2024.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Contratar a Noelia Gómez Díaz (**437*), como persoal laboral fixo para ocupar a praza de Psicóloga do CIM, Grupo I, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria;

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente”.

Sarria, 12 de xullo de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2146

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da ORDENANZA DE USO E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DE VIVEIRO do Concello de Viveiro, elevándose a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da Corporación en data 7 de marzo de 2024, toda vez que non se presentou reclamación ou alegación algunha no prazo de exposición ao público:

ORDENANZA DE USO E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DE VIVEIRO

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

CAPÍTULO I. OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN.

CAPÍTULO II. DEFINIÇÕES, SINALIZACIÓN PREVENTIVA E CUMPRIMENTO DA ORDENANZA.

TÍTULO II. NORMAS DE USO.

TÍTULO III. DA LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO E CALIDADE DAS AUGAS.

CAPÍTULO I. DA LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO. CAPÍTULO II. DA CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO.

TÍTULO IV. ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS TEMPORAIS EXTRAORDINARIAS.

TÍTULO V. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E SEGURIDADE DOS BAÑISTAS NA PRAIA.

CAPÍTULO I. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO. CAPÍTULO II. DA SEGURIDADE DOS BAÑISTAS NA PRAIA.

TÍTULO VI. DA PRESENZA DE ANIMAIS NAS PRAIAS.

TÍTULO VII. DA PESCA.

TÍTULO VIII. CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NAS PRAIAS.

TÍTULO IX. ACAMPADA NAS PRAIAS.

TÍTULO X. EMBARCACIÓNS.

TÍTULO XI. DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTES NA ZONA DE BAÑO.

CAPÍTULO I. DA PRÁCTICA DE XOGOS.

CAPÍTULO II. DA PRÁCTICA DE DEPORTES ACUÁTICOS.

TÍTULO XII. CACHARELAS.

TÍTULO XIII. RUÍDO.

TÍTULO XIV. RÉXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS.

CAPÍTULO II. SANCIÓNS.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O noso ordenamento constitucional, recoñece no artigo 45 o dereito de todos a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Así mesmo, corresponde aos poderes públicos o velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

De acordo co disposto no artigo 3.1.b) da Lei de Costas, de 28 de xullo de 1988, as praias do termo municipal de Viveiro constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, en consonancia co disposto no artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da citada Lei de Costas atribúe competencias municipais sobre o dominio público marítimo terrestre estatal, no referente a praias, concréntanse en:

- a. Manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade.
- b. Vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.
- c. Explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

A presente Ordenanza Municipal tende a regular o exercicio desas competencias que a lexislación de Costas asigna a este municipio, en aras de manter as praias de Viveiro nas mellores condicións. Preténdese pois, con esta Ordenanza garantir o uso público das praias, regulando os usos xerais e especiais, asegurando a integridade e a adecuada conservación das mesmas.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XENERAIS.

CAPÍTULO I.

OBJECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E COMPETENCIA.

ARTIGO 1º. OBJECTO.

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto regular o correcto uso das praias do litoral do municipio de Viveiro, conxugando, o dereito que todos teñen de desfrutar das mesmas, co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten por velar pola utilización racional das mesmas, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

Para iso, pretende:

- a. Compatibilizar a normativa vixente na materia, establecendo un modelo axeitado de actuación e xestión para as praias do municipio de Viveiro.
- b. Regular as condicións xerais de utilización e goce polos usuarios da praia en orde á seguridade, a saúde pública e a protección do medio ambiente e dos sistemas dunares.
- c. Regular as actividades que se practiquen nas praias de Viveiro promovendo a protección cidadá e a calidade dos servizos que se presten.

ARTIGO 2º. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1. Esta Ordenanza será de aplicación ó uso, prestación de servizos e ás instalacións ou elementos, no espazo público que constitúe o dominio público marítimo-terrestre, definido no Título I da Lei 22/1988, de Costas, ou que teñan a consideración de praia, do termo municipal de Viveiro.

As praias do termo municipal de Viveiro, sen prexuízo doutras que puidesen xurdir, teñen as seguintes denominacións:

- Praia de Covas.
- Praia de Area.
- Praia de Sacido.
- Praia de Seiramar.
- Praia de Celeiro.

ARTIGO 3º. DEFINICIÓNS.

1.- Para os efectos da presente Ordenanza, e de acordo coa normativa estatal básica e a autonómica aplicable, enténdese como:

- a. Praias: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais.
- b. Augas de baño: calquera elemento de augas superficiais nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, practícase por un número de persoas.
- c. Zonas de baño: áreas xeograficamente delimitadas dun termo municipal compostas por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para o efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

- d. Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.
- e. Acampada: instalación de tendas de campaña, antucas non diáfanas nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
- f. Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
- g. Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño: determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores, indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:
 - Verde: apto para o baño.
 - Amarela: precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou debido á existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
 - Vermella: prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou a saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas. Non en tanto, as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente o perigo a previr.
- h. Animal de compañía: todo aquel que, sendo doméstico ou silvestre, é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa ningunha sobre el.
- i. Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro.
- j. Tempada de baño: é o período de tempo en que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos ou costumes locais. Para efectos da presente Ordenanza, normalmente enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o día 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello de Viveiro poderá variar ditas datas en función de determinadas circunstancias e praias, por exemplo, as climatolóxicas.

ARTÍGO 4º. SINALIZACIÓN PREVENTIVA.

A través de todos os medios posibles de comunicación, divulgarase a información precisa para o axeitado desfrute das praias. En virtude disto, os elementos de sinalización (paneis, carteis, etc.), deberán conter a seguinte información básica:

- a. Nome do Concello.
- b. Nome da praia, cala ou porción de costa.
- c. Ubicación física e características da praia (lonxitude, límites, localización), determinando expresamente a disposición ou non dun servizo de vixilancia.
- d. Un pequeno esbozo dos servizos de que dispón a praia, particularizando a situación das pasarelas para discapacitados, teléfonos, duchas e aseos, etc.
- e. Aclaracións sobre os diferentes indicadores de perigo que se atopan nas praias: bandeiras, sinais, sinais acústicos, etc.
- f. Accesos á praia: peonil, para vehículos ou para barcos.
- g. Accesos para discapacitados, con especial descrición dos accesos para vehículos de emerxencia.
- h. Número de teléfono de emerxencias.
- i. Horario do servizo de socorrismo nas praias nos que exista.
- j. Ubicación dos postos de socorro máis próximos.
- k. Aquelas prohibicións xerais e/ou específicas que interese resaltar.
- l. Tipo de uso da praia, libre, zona de deportes náuticos, zona de xogos, zonas de práctica de deporte...

Procurarase a súa colocación nos accesos ás praias.

ARTÍGO 5º. CUMPRIMENTO DA ORDENANZA.

1.- A autoridade municipal ou os seus axentes da autoridade, poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas na presente Ordenanza, a fin de que de forma inmediata cese a actividade prohibida ou realice a obrigaón debida; iso sen prexuízo da incoación dun expediente sancionador cando corresponda ou, de ser o caso, da remisión dun parte de denuncia á Administración competente.

2.- O persoal de salvamento ou socorrismo colaborará e apoiará ás autoridades e aos seus axentes no seu labor para lle dar cumprimento ao establecido na presente ordenanza, comunicándolles as infraccións e apercibindo ao posible infractor de que, de persistir na súa actitude, lle trasladarán unha denuncia á autoridade que corresponda.

3.- Os usuarios da praia quedan obrigados a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poida realizar o persoal de salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

TÍTULO II NORMAS DE USO.

ARTIGO 6º. RÉXIME XERAL DE UTILIZACIÓN.

1.- A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquelas, tales como pasear, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar e outros actos semellantes que non requiran obras e instalacións de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, así como coa presente Ordenanza.

2.- O paseo, a estancia e o baño na praia e no mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso, sempre respetando a protección do sistema dunar.

3.- Queda prohibido dar ás duchas e mobiliario urbano en xeral, situados nas praias, un uso diferente ao que lles é propio; deste xeito, sancionárase aos usuarios que, nas devanditas instalacións, xoguen, limpen aveños de cocíña, se laven ou duchen usando produtos de hixiene, pinten, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que se poidan esixir por estes actos. Ao mesmo tempo, fomentárase o aforro na utilización da auga.

4.- Ademais, as instalacións que se permitan nas praias serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso, sen que en ningún caso poida desnaturalizarse o uso público das praias.

5.- Quen vulnere estas prohibicións deberá cesar de inmediato a súa actividade, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, sen prexuízo de que estes lle remitan un parte de denuncia á Administración competente para instruír o oportuno expediente sancionador, se resulta procedente.

6.- Os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rentabilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con suxeción ao previsto na Lei de Costas, e en outras normas especiais de aplicación, sen que poida invocarse dereito algún en virtude de usurpación, calquera que sexa o tempo transcorrido.

TÍTULO III. DA LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO E CALIDADE DAS AUGAS.

CAPÍTULO I. DA LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO.

ARTIGO 7º. MANTENIMENTO DA LIMPEZA.

No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica atribúe ao Concello de Viveiro en relación á limpeza de praias deste termo municipal, realizaranse as seguintes actividades:

- a. Retirada das praias de todos aqueles residuos que se entremezclan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos na mesma.
- b. Vaciado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas inmediacións das praias.
- c. Limpeza de duchas e lavapés.
- d. Retirada de algas, no caso de que sexa necesario.

A limpeza das praias será realizada por xestión directa ou indirecta coa frecuencia e horario previstos para a axeitada xestión do servizo, dando por finalizado o servizo antes das 12:00 horas, durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro; respecto as limpeza programadas en períodos especiais de afluencia de usuarios, fóra da tempada de baños, cumpriranse as disposicións ditadas pola Alcadía- Presidencia.

ARTIGO 8º. CONCIENCIACIÓN CIDADÁ.

1.- O Concello por sí mesmo ou a través da concesionaria do servizo de limpeza de praias, poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

2.- Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar as praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3.- O Concello de Viveiro dispoñerá a instalación de papeleiras ao longo de toda a praia, dependendo das necesidades de cada zona.

ARTIGO 9º. RESIDUOS.

1.- Queda totalmente prohibido tirar á praia ou á auga calquera elemento, substancia, produto ou material alleo ao medio natural e en concreto:

- a. Tirar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar, tales como: papeis, restos de comida, latas, botellas, cabichas, cascas de pipas ou outros froitos secos, etc., así como deixar abandonados nas mesmas: cadeiras de praia, parasoles, roupa, zapatos, carritos, palés, caixas, embalaxes, etc., debéndose utilizar as papeleiras e colectores que se instalen para tal fin.
- b. Tirar líquidos ou materiais susceptibles de afectar a integridade e seguridade das persoas.
- c. Lavar ou reparar vehículos ou máquinas na praia, excepto nos casos de reparacións de urxencia nas que non se poida mover o vehículo con medios auxiliares.
- d. Ensuciar a praia como consecuencia da tenza de animais domésticos.
- e. Tirar auga sucia, aceites, graxas ou produtos similares sobre a praia ou a auga
- f. Limpar na area da praia ou na auga do mar os recipientes que sirvan para portar os alimentos ou outras materias orgánicas.

2.- Ditos vertidos realizaranse nas papeleiras e colectores que ao efecto se atopan distribuídas pola praia e nos colectores de R.S.U., vidro, papel-cartón e envases lixeiros que deberán atoparse nas proximidades dos accesos principais a todas as praias.

3.- Para o uso correcto das papeleiras e colectores de praia, queda prohibido:

- a. Tirar cabichas e materiais en combustión.
- b. Tirar ou depositar lixos e desperdicios fóra dos colectores e papeleiras destinadas ao efecto.
- c. Depositar obxectos punzantes, con arestas cortantes ou que poidan representar un risco para os usuarios das praias fóra dos colectores ou de maneira que poidan lesionar ás persoas que fagan un uso correcto das papeleiras. No caso que a papeleira estea chea, depositarase o residuo na que estea máis cerca.
- d. Depositar nas papeleiras das praias, tanto as situadas no exterior da area como na propia praia, as bolsas de lixo domiciliarias ou de establecementos comerciais do tipo que sexan.
- e. Depositar líquidos, madeiras, animais mortos e outros residuos que non sexan produto do uso normal dos usuarios das praias.
- f. Calquera manipulación e uso indebido das papeleiras que poida estragalas ou deterioralas, así como a colocación de publicidade, letreiros, anuncios, carteis, adhesivos, inscricións, debuxos ou elementos similares.

4.- Nas zonas ou parcelas ocupadas, calquera que sexa o seu uso, o concesionario da devandita zona é responsable da súa limpeza. Deste xeito, todos os concesionarios deberán dispor de papeleiras distribuídas proporcionalmente ao longo da superficie da parcela.

5.- Os establecementos hostaleiros situados nas praias deberán en todo momento respectar os horarios establecidos polo Concello de Viveiro para realizar o depósito dos residuos procedentes do devandito negocio, e poderán ser sancionados se incumpren esta norma.

6.- Os axentes de autoridade municipal poderán requirir verbalmente que os usuarios das praias retiren os residuos e procedan ó seu depósito, conforme establece a presente Ordenanza, sen prexuízo da sanción que lles poida corresponder.

7.- Dende o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas accións tan prexudiciais para todos. Calquera infracción deste artigo será sancionada, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos por el arroxados.

ARTIGO 10º. HIXIENE DA ZONA DE BAÑO.

1.- En orde a manter a hixiene e salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control dos vertidos e depósitos de materiais.

2.- Respecto á hixiene persoal, prohíbese:

- a. A evacuación (deposición, micción, etc.) na auga do mar ou na praia.
- b. Lavarse na auga do mar ou na praia empregando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- c. Sancionarse un uso diferente, ao que é propio nos aseos, tal como: xogar, limpar os enseres de cociña, lavarse empregando xabón, xel, champú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse polos actos cometidos.

3.- Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o exercicio das mesmas, as debidas condicións de limpeza e salubridade.

4.- A evacuación dos residuos referidos no artigo anterior, farase obrigatoriamente no tipo de envases e recipientes normalizados que se establezan, depositándose nos colectores habilitados para a recollida selectiva de residuos dispostos na súa contorna.

5.- Non está permitido o acceso ás praias con envases de vidro. Con esta medida preténdese evitar o perigo que supón para os usuarios a eventual rotura dun destes envases.

6.- Os que vulneren estas prohibicións, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, deberán retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito, conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo da sanción que lles poida corresponder.

ARTIGO 11º. SEGURIDADE.

En orde á seguridade dos usuarios das praias e ao mantemento e hixiene das mesmas non está permitido:

- a. Realizar lume na praia. Exceptúanse da anterior prohibición as cacharelas realizadas a noite do 23 de xuño, noite de San Xoán, organizadas ben polo Concello ou por Asociacións inscritas no Rexistro Municipal, previa autorización municipal, e se realicen en praias non galardoadas con Bandeira Azul.
- b. O uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias, o abastecemento de combustible, así como o vertido ao mar de lixo ou residuos de calquera natureza desde embarcacións, motos náuticas ou artefactos flotantes.
- c. Cociñar na praia.
- d. Prohíbese tamén o uso de bengalas ou material pirotécnico que non sexa de urxencia ou emerxencia. Esta prohibición non se aplica aos profesionais para os eventos pirotécnicos organizados polo Concello de Viveiro ou que contén coa correspondente autorización ao efecto.
- e. Prohíbese o uso de táboas esvaradoras na beira e na zona de ribeira
- f. Queda prohibida a ocupación de espazo público para o pintado ou calquera operación de mantemento ou reparación de embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos, cabos, rizóns e similares, agás nas zonas habilitadas para o efecto.

CAPÍTULO II. DA CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO.

ARTIGO 12º. DEREITO DE INFORMACIÓN.

1.- Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.

2.- A tal fin, o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada da calidade das augas de baño; dita información estará dispoñible nos paneis informativos das praias, nas instalacións do Servizo de Salvamento e Socorrismo e na Oficina de Turismo Municipal.

3.- O Concello dará a publicidade necesaria aos informes da calidade das augas de baño que se emitan, durante a tempada de baño, pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

4.- En relación á calidade das augas de baño estarase ao disposto no Real Decreto 1341/2017, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

5.- O Concello sinalizará a prohibición de baño, e adoptará as medidas necesarias para a clausura das zonas de baño, cando a calidade das augas presente risco sanitario para as persoas.

TÍTULO IV. ACTIVIDADES OU INSTALACIÓNS TEMPORAIS EXTRAORDINARIAS.

ARTIGO 13º. ACTIVIDADES TEMPORAIS EXTRAORDINARIAS.

1.- Considéranse actividades ou instalacións temporais extraordinarias nas praias aquelas que, de acordo coa natureza da actividade, se realicen de xeito ocasional, con data e espazo determinado.

2.- A realización de calquera actividade ou instalación temporal extraordinaria nas praias de Viveiro quedará suxeita á obtención de autorización administrativa municipal, sen prexuízo da autorización do Servizo Provincial de Costas ou outra Administración con competencia na materia referida.

3.- A persoa interesada en efectuar calquera actividade calificada como extraordinaria deberá presentala mediante escrito, presentado como mínimo con 45 días de antelación á celebración do evento, por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.

ARTIGO 14º. NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN.

1.- A realización de calquera tipo de actuación, ocupación, publicidade, uso especial ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente Ordenanza, deberá dispoñer da

preceptiva autorización, licenza ou permiso da Administración competente por razón da titularidade do dominio público ou normativa sectorial de aplicación e sen prexuízo da obtención do título habilitante que proceda en materia de actividades.

2.- Queda prohibida a realización de calquera actividade lucrativa dentro da praia ou zonas adxacentes sen permiso.

3.-No que respecta ás concesións e licenzas, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais ou normativa das diferentes administracións con competencia na materia.

4.-Non se permitirá a delimitación, polos particulares, da zona obxecto de concesión.

5.-Todos os elementos que se instalen no espazo público, obxecto desta Ordenanza, deberán responder aos requisitos de homologación dacordo á súa normativa específica de normalización. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

ARTIGO 15º. PREVENCIÓNS.

1.- Será obrigación do titular ou concesionario manter as instalacións e elementos permanentes nas debidas condicións de seguridade e hixiene. A tal efecto, disporá dos medios precisos para a recollida dos residuos xerados.

2.- Débense respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de Salvamento e Socorrismo, rampas, etc.

3.- Non se permitirá obra fixa no espazo público, obxecto desta Ordenanza, salvo a previamente autorizada, nin deixar restos de calquera elemento empregado na actividade, sexa cal sexa, unha vez rematado o prazo de autorización previsto.

ARTIGO 16º. PUBLICIDADE.

Respecto aos soportes publicitarios e a publicidade comercial, en xeral, na zona de dominio público, axustarase ao establecido nas disposicións municipais que o regulen, ou no seu caso pola lexislación vixente que lle sexa de aplicación.

TÍTULO V. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E SEGURIDADE. CAPÍTULO I. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO.

ARTIGO 17º. SERVIZO DE VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO.

O servizo público de salvamento e socorrismo, constituído por un conxunto de medios humanos e materiais, posibilitará a adopción de medidas organizativas, de planificación, de seguridade e protección, tendo as seguintes funcións:

- a. Efectuar tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e salvamento de persoas e a observación do entorno ambiental.
- b. Garantir a primeira atención sanitaria.
- c. A búsqueda de persoas desaparecidas.
- d. A información sobre os recursos dispoñibles e estado do mar, ademais de informar sobre normas de utilización dos artefactos flotantes.
- e. Colaborar na toma de baño dos usuarios con mobilidade reducida.
- f. Velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.
- g. Informar aos usuarios das embarcacións con motor e das prácticas de esquí acuático que, no seu caso, evolucionen e efectúen os seus exercicios nas proximidades da beira do mar, das prohibicións da súa práctica e a prescrición de que se realicen as entradas e saídas polas canles sinalizadas ao efecto.
- h. Colaborar nos labores de información e prevención, a fin de manter a zona de baño despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas.
- i. Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias así o aconsellen.
- j. Responsabilizarse da organización e de manter permanentemente ordeadas e presentables as instalacións do Servizo de Salvamento e Socorrismo.
- k. Coñecer os requisitos que implican os Galardóns Bandeira Azul, ou calquera outro sistema de xestión implantado nos areais, e asumir as responsabilidades derivadas da implantación dos mesmos.
- l. En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.

CAPÍTULO II. DA SEGURIDADE DOS BAÑISTAS NA PRAIA.

ARTIGO 18º. SEGURIDADE DOS BAÑISTAS.

1.- Os servizos de Salvamento e Socorrismo atenderán os postos de salvamento existentes nas praias nas que se determine e exclusivamente durante o horario que determine o Concello, e que figure exposto nos carteis indicadores situados nos accesos das praias.

2.- Os servizos de Salvamento e Socorrismo instalarán nas praias mastros nos que se izará unha bandeira, que pola súa diferente cor, indicará do estado da mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño. A responsabilidade de ditos servizos circunscríbese ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

3.- O estado da mar, en canto á idoneidade ou non do seu uso para o baño indicárase utilizando o seguinte método:

Bandeira vermella: baño prohibido.

Bandeira amarela: baño con precaución.

Bandeira verde: baño libre.

4.- O bañistas quedan obrigados a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poida realizar o persoal da unidade marítima de salvamento e rescate, as autoridades e os seus axentes, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

5.- As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de Salvamento e Socorrismo ou ben nas praias sen servizo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

6.- Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos de Salvamento e Socorrismo e fóra das zonas balizadas ou sinalizadas para o baño.

7.- Recoméndase ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade, que desexen bañarse e para as que o baño poida constituír algún risco, poñer esta circunstancia en coñecemento dos Servizos de Salvamento e Socorrismo, a efectos de que ditos servizos adopten, no seu caso, as medidas pertinentes.

8.- Na zona de entrada e saída de embarcacións queda prohibida a permanencia e o baño de usuarios e usuarias.

9.- Os bañistas que vulneren a prohibición de bañarse, cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixaran de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que vire parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

TÍTULO VI. DA PRESENZA DE ANIMAIS NAS PRAIAS.

ARTIGO 19º. PRESENZA.

1.- O obxecto do presente título é o de previr e controlar as molestias e perigos que os animais lles poidan causar, tanto ás persoas como ás instalacións.

2.- Está prohibido o acceso á praia de cans ou calquera animal de compañía dende o 15 de xuño ao 15 de setembro, de 09:00 a 21:00 horas.

3.- Nas praias galardoadas coa Bandeira Azul, estará prohibida a súa presenza durante toda a tempada de baño en calquera horario.

4.- En calquera caso, a presenza de animais nas praias estará suxeita ao cumprimento das condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e de convivencia cidadá establecidas na presente Ordenanza e no seu caso á lexislación específica vixente.

5.- En todo momento, a persoa propietaria ou acompañante do animal deberá impedir que este lle cause molestias aos demais usuarios das praias, e de producirse, será responsable dos danos, molestias e prexuízos que este lle ocasione ás persoas, obxectos ou ao medio natural en xeral, con relación ó sancionado na presente ordenanza e, no non previsto nela, ó establecido nas disposicións vixentes nesta materia.

6.- Declárase Praia de uso compartido con cans a Praia de Seiramar onde está permitida a estancia, circulación e baño dos cans durante a tempada de baño e en calquera horario.

Os donos ou posuidores de cans que acudan a esta praia coas súas mascotas deberán cumprir as seguintes normas:

- a. Os cans de máis de 20 kilos de peso e todos os cans de raza potencialmente perigosa deberán levar obrigatoriamente bozal de conformidade co Real Decreto 287/2002, de 22 de Marzo. Ademais, estes últimos deberán levar consigo ademais da documentación do animal, a licenza outorgada polo concello correspondente.

- b. Os propietarios están obrigados a recoller as defecacións das súas mascotas.
- c. Os propietarios dos cans deberán vixíalos en todo momento para evitar molestias a terceiros.
- d. O can deberá estar controlado en todo momento polo seu dono ou acompañante, evitando molestias a outros usuarios da praia.
- e. A persoa que acompañe ao can será responsable dos danos ou perxuízos que puidera ocasionar, sen perxuízo da responsabilidade subsidiaria do propietario. O feito de que unha praia se considere compatible con presenza de animais domésticos non exime que o posuidor do animal deba evitar molestias ao resto de usuarios da praia. A presente Ordenanza reguladora de uso e disfrute das praias queda sometida á regulación da Ordenanza Municipal Reguladora da Tenencia de Animais, polo que os requisitos, prohibicións, dereitos, deberes e outras obrigas dos posuidores de animais domésticos que regule a devandita ordenanza, tamén o serán no ámbito de aplicación da presente.

ARTIGO 20º. PREVENCIÓNS.

As persoas que conduzan cans ou outros animais deberán impedir que estes realicen as súas deposicións na praia. En calquera caso, o condutor do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos, mesmo debendo limpar a parte do espazo público que tivese sido afectada.

ARTIGO 21º. EXCEPCIÓNS.

- 1.- Queda autorizada expresamente a presenza na praia, de cans de asistencia en compañía da persoa a quen sirvan, así como de cans destinados a labores de auxilio ou salvamento, sen perxuízo da responsabilidade dos seus posuidores ou propietarios das medidas para adoptar para lle evitaren molestias ou riscos innecesarios ao resto de persoas usuarias da praia.
- 2.- Considérase can de asistencia aquel que, sendo adestrado en centros especializados oficialmente recoñecidos, concluíra o seu adestramento e adquirise así as aptitudes necesarias para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar recoñecidos e identificados da forma establecida nos artigos 4º e 5º da Lei 10/2003, de 26 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre o acceso ao ámbito das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

TÍTULO VII. DA PESCA

ARTIGO 22º. ACTIVIDADE.

- 1.- Nas zonas de baño e durante a tempada de baño, prohibese a pesca dende a beira da praia e desde os espigóns, excepto entre as 21.00 e as 9.00 horas, ambas inclusive, para evitar os danos que os aparellos utilizados lles poidan causar ao resto das persoas usuarias. Non obstante, calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia. En todo caso, este tipo de pesca rexirase polo disposto no Decreto 211/1999, de 17 de xuño, polo que se regula a pesca marítima de recreo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.- En casos excepcionais, tales como torneos, concursos etc., poderá autorizarse a práctica da pesca, debendo respectar as persoas participantes os lugares, horarios e condicións que estableza a autorización do/s organismo/s competente/s.

ARTIGO 23º. RESTRICIÓNS.

- 1.- Para a protección e a seguridade das persoas usuarias da praia, non se permite:
 - a. A entrada e a saída ao mar dende a praia dos pescadores/as submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.
 - b. A manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.

TÍTULO VIII. CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NAS PRAIAS.

ARTIGO 24º. NORMA XERAL.

Constitúen as praias un ben de dominio público. Tanto na súa modalidade de uso, como de servizo público, prohibese expresamente o uso privativo destas.

- 1.- Queda prohibido en toda a extensión da praia, incluíndo a zona de dunas, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos e os quads.

ARTIGO 25º. EXCEPCIÓNS.

- 1.- Exímense da devandita prohibición establecida no artigo anterior aos vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais, ou outros expresamente autorizados para persoas con diversidade funcional, así como tamén a utilización na auga do mar daqueles especialmente deseñados para tal fin. Estes vehículos deberán entrar polas entradas autorizadas.

2.- A prohibición referida no artigo anterior tampouco se aplicará a aqueles vehículos que con carácter extraordinario procedan á retirada de residuos, mantemento e vixilancia das praias.

3.- Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia, debendo retirarse unha vez rematada a actuación que motivou o seu acceso á praia.

TÍTULO IX. ACAMPADA NAS PRAIAS.

ARTIGO 26º. ACAMPADA.

1.- Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas nosas praias por razóns de protección dos espazos de interese natural paisaxístico ou cultural. Para unha mellor utilización e goce da nosa praia, só serán permitidas parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras e mesas de complemento. Entenderase por acampada a instalación de tendas de campaña, parasoles non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables. Entenderase por campamento a acampada organizada dotada dos servizos establecidos pola normativa vixente.

ARTIGO 27º. OCUPACIÓN.

1.- Queda prohibido deixar instalados os elementos enunciados no punto anterior, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo simple feito de ter reservado un lugar na praia, garantindo así a seguridade de todas as persoas usuarias evitando que os elementos podan saír voando perxudicando danos.

2.- Queda prohibido o acoutamento ou parcelamento de zonas de praia, agás por obras ou servizos.

3.- O persoal municipal ou a Policía Local poderá retirar os elementos instalados irregularmente, e depositalos en dependencias municipais.

4.- Unha vez retirados ditos elementos e depositados en dependencias municipais, para a súa devolución deberá acreditarse fehacientemente a súa titularidade.

ARTIGO 28º. AUTORIZACIÓN.

Calquera tipo de ocupación excepcional da praia, diferente do seu uso común, deberá dispoñer da autorización expresa da autoridade competente.

TÍTULO X. EMBARCACIÓNS.

ARTIGO 29º. NAVEGACIÓN.

1.- Dacordo co disposto no Regulamento de Costas, nas zonas de baño, debidamente balizadas, queda prohibida a navegación deportiva e de recreo, e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela. O lanzamento ou varada das embarcacións deberá facerse a través de canles debidamente sinalizados.

2.- Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa. Nestes casos, as embarcacións, motos náuticas e artefactos de praia de vela ou de motor, farano coas debidas precaucións para evitar accidentes, preferentemente polos extremos das praias onde a afluencia de bañistas é menor, de forma perpendicular á costa e sempre a unha velocidade reducida, que non superará os tres nós. Toda embarcación, moto náutica ou artefacto de praia, en presenza de persoas na auga, diminuírá a súa velocidade ao mínimo ou parará, e adoptará todas as medidas ao seu alcance para evitarlles danos aos bañistas.

3.- Esta prohibición non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. As devanditas embarcacións non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

4.- Nas canles de acceso dunha praia balizada, queda prohibido o baño, o mergullo, o uso de patíns de hidropedais, o fondeo de embarcacións e a realización de calquera tipo de navegación ou manobra distinta ás de entrada na praia e saída ao mar dende ela, excepto en situación de perigo. A velocidade no seu interior será inferior a tres nós.

ARTIGO 30º. ESPAZO PÚBLICO.

1.- Queda prohibida a ocupación do espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos relacionados con actividades acuáticas, artefactos, elementos que se enuncian a continuación: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, hidropedais, motos acuáticas, remos e similares.

2.- En tales casos, procederase pola autoridade competente correspondente ao levantamento da acta respectiva descritiva da situación, característica do artefacto, obxecto ou elemento e titularidade. A continuación, requirirase ao infractor-titular, para que proceda á retirada do elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que en caso de incumprimento do

mesmo, servirá o requirimento de orde de execución da retirada inmediata por incumprimento unha vez transcorridas as 24 horas indicadas, efectuándose de forma subsidiaria polo Concello e con repercusión dos custes municipais a cargo do infractor- titular, depositándose en recinto municipal.

3.- En caso de ser imposible o requirimento, pese a ter identificado ao infractor titular, por non localización do mesmo, procederase de forma cautelar á retirada, facendo constar o inspector na acta tal circunstancia, expoñendo no taboleiro municipal tal medida de retirada.

4.- En caso de non existir medio identificativo da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento, procederase a reflectir na acta tales extremos e quedará facultado o/a inspector/a para proceder á retirada a modo de medida cautelar dos obxectos, artefactos ou elementos antes enunciados, e ó seu depósito no recinto municipal habilitado a tales efectos.

5.- En todos os casos antes relatados no que non estea presente o infractor ou titular, no momento de proceder polo servizo municipal á retirada do obxecto, artefacto ou elemento, procederase a súa publicación no taboleiro municipal para o seu coñecemento.

ARTIGO 31º. EMBARCACIÓNS.

1.- Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas respecto diso pola capitania marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de salvamento e rescate, así como calquera embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

2.- Queda prohibido arroxar calquera tipo de residuo dende as embarcacións ao mar.

TÍTULO XI. DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTES NA ZONA DE BAÑO. CAPÍTULO I. DA PRÁCTICA DE XOGOS.

ARTIGO 32º. ACTIVIDADES.

1.- O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2.- O desenvolvemento de actividades ou xogos (fútbol, paletas, voleibol, etc.) tanto na area como na auga, poderanse realizar única e exclusivamente se non supón unha molestia para o resto dos usuarios ou se a dimensión da praia así o permite.

3.- Quedan exceptuadas da prohibición, as actividades deportivas ou lúdicas que os usuarios poidan realizar nas zonas que, con carácter permanente, teña dedicadas o Concello para a práctica de diversos deportes, xogos infantís, etc., e que estean debidamente balizadas ou sexan visibles para o resto de usuarios, así como as actividades que se realicen na praia e contén ao efecto coas correspondentes autorizacións previas.

CAPÍTULO II. DA PRÁCTICA DE DEPORTES ACUÁTICOS.

ARTIGO 33º. DEPORTES ACUÁTICOS.

1.- Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, axeitadamente sinalizadas, para a práctica da actividade deportiva de surf, windsurf, bodyboard, piragüismo ou outros deportes similares, co fin de evitar os danos que a súa práctica lles poidan causar ao resto de usuarios. Tal e como indica a Dirección Xeral da Mariña Mercante, a práctica e instrución de vela ou doutros artefactos flotantes realizarase, no posible, afastada da zona de baño. Non obstante, calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario permitido, quedará supeditada á ausencia de usuarios nas zonas de auga de baño onde se esté practicando dita actividade.

2.- Poderanse exceptuar do anterior os casos excepcionais, tales como os concursos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Os organizadores e participantes deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello ou administración competente. Nestes casos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

TÍTULO XII. CACHARELAS.

ARTIGO 34º. CACHARELAS.

1.- Como norma xeral, a realización de cacharelas en zonas públicas quedará sometida a autorización previa por parte do Concello, e autorizaranse única e exclusivamente con motivo da celebración de San Xoán, organizadas ben polo Concello ou por Asociacións inscritas no Rexistro Municipal, previa autorización municipal, e se realicen en praias non galardoadas con Bandeira Azul.

O procedemento para a autorización será o seguinte:

- a. A solicitude presentarse por escrito no Rexistro de Entrada do Concello con, polo menos, unha semana de antelación.
- b. Na devandita instancia deberán constar, como mínimo, os seguintes datos: Persoas maiores de idade que se fan responsables da actividade, indicando o seu nome, apelidos, idade, fotocopia do DNI, domicilio e número de teléfono de contacto.

Denominación da praia e localización onde se pretende realizar Número aproximado de persoas participantes

c. Deberase aportar autorización do Servizo Público de Costas.

2.- O Concello de Viveiro poderá, de forma motivada e por razóns de seguridade, hixiene ou interese público, desestimar a solicitude, impedindo a realización da cacharela, así como establecer condicionantes ou incluso o cambio de lugar ou de data solicitados. A non resolución da solicitude terá efecto desestimatorio. A non presentación dalgunha da documentación establecida no presente artigo será motivo para a non autorización da cacharela.

3.- Os responsables da cacharela estarán dispoñibles en todo momento para unha eventual visita dos axentes da autoridade con vistas á comprobación dos datos consignados na solicitude e, no seu caso, autorizados. En caso de incumprimento das condicións establecidas na solicitude procederán ao cesamento da actividade, a requirimento verbal dos devanditos axentes, sen prexuízo de que se emita denuncia á Administración competente para instruír o oportuno procedemento sancionador se resulta procedente.

4.- As persoas ou entidades que realicen a cacharela serán responsables das mesmas e do cumprimento de todas as normas de uso e de carácter hixiénico-sanitario contidas na presente Ordenanza e no resto de normativa que resulte de aplicación.

5.- As cacharelas autorizadas realizaranse en todo caso respectando os 6 metros de servidume de paso dende a liña de preamar ou marea alta.

6.- En ningún caso se autorizarán cacharelas nas praias galardoadas con Bandeira Azul.

TÍTULO XIII. RUÍDO.

ARTIGO 35º. RUÍDO.

Non está permitido o uso na praia de aparellos de radio, aparellos reprodutores de música, instrumentos musicais ou similares, de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto de usuarios da praia, e sempre que superen os niveis máximos establecidos para a emisión de ruídos e vibracións.

TÍTULO XIV. RÉXIME SANCIONADOR. CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS.

ARTIGO 36º. INTERVENCIÓN.

Corresponderalle ao Concello exercer o control do cumprimento da presente Ordenanza e das prescricións que se establezan nas respectivas licenzas ou autorizacións, esixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

En todo caso, o incumprimento ou inobservancia das normas da presente Ordenanza, ou das condicións sinaladas nas licenzas ou en actos ou acordos baseados nesta ordenanza, quedará suxeito ao réxime sancionador que nas presentes disposicións se establece.

ARTIGO 37º. INFRACCIÓNS.

As infraccións das normas desta ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía- Presidencia dentro do ámbito das súas competencias, logo da incoación do oportuno expediente no que se terán en conta as circunstancias que concorran en cada caso.

Todo iso, sen prexuízo da comunicación ao xulgado ou ás autoridades competentes, cando así o determine a natureza da infracción.

ARTIGO 38º. RESTAURACIÓN.

Ademais da imposición da correspondente sanción, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para a restauración da realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, coa execución subsidiaria no seu caso, das actuacións a cargo do infractor.

ARTIGO 39º. GRADUACIÓN.

1.- As infraccións tipificadas na lexislación específica serán sancionadas coas medidas e multas nela fixadas.

2.- As infraccións a esta ordenanza clasificaranse en:

- Leves.
- Graves.
- Moi graves.

ARTIGO 40º. INFRACCIÓNS LEVES.

a. Incumprir as indicacións que se dean e a sinalización sobre as condicións e lugares de baño, salvo que a acción sexa calificable como infracción grave.

- b. A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou exercicios, na area e zona de baño, que poidan molestar ao resto de usuarios, e sempre que, logo de ser debidamente advertidos da necesidade de respectar o dereito do resto de usuarios, se continúen realizando.
- c. A emisión, mediante calquera medio, de sons que molesten ao resto de usuarios, sempre que, logo de ser debidamente advertidos da necesidade de respectar o dereito do resto de usuarios, se continúen realizando.
- d. O uso indebido da auga dos lavapés, fontes ou duchas, así como lavarse na auga do mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo persoal.
- e. Bañar a animais domésticos no mar, lavapés, fontes ou duchas.
- f. Lavar roupa ou calquera outro elemento, na auga do mar, os lava pés, fontes ou as duchas.
- g. A evacuación fisiolóxica na auga do mar ou na praia.
- h. A venda ambulante na praia sen autorización expresa, salvo que por normativa específica se regule outro tipo de sanción.
- i. Deixar instalados parasois totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras, mesas ou outros complementos, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo simple feito de teren reservado un lugar na praia.
- j. O acceso, circulación ou permanencia de animais domésticos nas praias dende o 15 de xuño ao 15 de setembro no horario de baño establecido polo Concello, salvo os cans guía que acompañan ás persoas que os precisen, sempre que logo de ser debidamente advertidos da prohibición existente non procedan a retiralos do lugar.
- k. Que os cans ou outros animais que circulen polas praias fóra da tempada de baño lles causen molestias aos demais usuarios das praias, ou que as persoas que conduzan ou leven estes animais non adopten as medidas oportunas para impedir que estes lles causen molestias aos demais usuarios das praias.
- l. Realizar pintadas e debuxos, con calquera material ou produto, ou raiar a superficie de calquera elemento, instalación, obxecto ou espazo de uso público
- m. A permanencia e baño dos usuarios naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- n. Abandonar calquera tipo de aparello na praia. aradoras na beira e na zona de ribeira
- o. As irregularidades na observación das normas contidas nesta Ordenanza e na lexislación sectorial que non teñan transcendencia directa para o medio natural nin para a saúde pública. Inclúense as cometidas por negligencia.
- p. Calquera outra infracción a esta Ordenanza que non estea expresamente cualificada como grave ou moi grave.

ARTIGO 41º. INFRACCIÓNS GRAVES.

- a. As que reciban expresamente esta cualificación nesta Ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b. Non respectar a prohibición de bañarse ou de acceder á praia cando estea izada a bandeira vermella.
- c. Lanzarse á auga do mar dende rocas, espigóns, embarcadoiros, zonas de fondos someros e, en xeral calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoña un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios.
- d. A práctica de surf, windsurf ou outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente Ordenanza; e a varada, permanencia, pintado ou reparación de embarcacións, táboas de windsurf, hidropedais, motos acuáticas etc. fóra das zonas sinaladas e destinadas para tal fin.
- e. O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de tempada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.
- f. Cociñar na praia.
- g. Calquera conduta prohibida das que se contemplan no artigo 9 sobre residuos da presente Ordenanza, salvo que o feito estea expresamente tipificado nalgún outro apartado.
- h. A resistencia a facilitar información, a prestar colaboración, ou o feito de proporcionar información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente, á Administración municipal ou os seus axentes de autoridade.
- i. A práctica da pesca en lugar ou época non autorizada, salvo que por normativa específica se regule outro tipo de sanción. Non obstante, tamén terá a consideración de infracción grave, o uso de escopeta submarina ou arpón que pola súa proximidade poida supoñer risco para a saúde e a seguridade das persoas.

- j. O uso de vehículos non permitidos por toda a extensión da praia, en particular motos ou quads, con excepción dos utilizados polos servizos de seguridade e emerxencias.
- k. O uso de bengalas e materiais pirotécnicos, salvo autorizacións e emerxencias ou urxencias.
- l. A acampada, instalar tendas de campaña, autocaravanas e remolques, carpas, parasoles non diáfanos nos seus laterais ou similares.
- m. Facer lume na praia, así como usar grellas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente.
- n. A celebración na praia de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen a correspondente autorización.
- ñ. Dificultar, de maneira intencionada, as funcións do Servizo público de Salvamento recollidas no Título V da presente Ordenanza.
- o. O incumprimento dos requirimentos específicos formulados pola Administración Municipal, sempre que se produza por primeira vez.
- p. A reincidencia en faltas leves. Considerarase reincidencia a terceira falta leve cometida no prazo dun ano.

ARTIGO 42º. INFRACCIÓN S MOI GRAVES.

- a. As que reciban expresamente esta cualificación na presente Ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b. O vertido ou depósito de materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- c. O impacto negativo sobre a fauna e flora litoral e/ou mariña de calquera proxecto ou actividade.
- d. A navegación de embarcacións non autorizadas na zona de baño, balizada ou non.
- e. As condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.
- f. Calquera das condutas tipificadas como infracción grave cando pola súa intensidade provoque unha perturbación importante da convivencia, impida o uso dun servizo público ou do espazo público por outras persoas que teñan o dereito de utilizalo, impida ou obstaculice gravemente o funcionamento normal dun servizo público ou un deterioro grave de equipamentos, instalacións, infraestruturas ou elementos, xa sexan mobles ou inmobles, dun servizo público ou dun espazo público.
- g. Colocar sen autorización carteis, valos, pancartas, adhesivos ou calquera outro tipo de anuncio, publicidade ou propaganda no mobiliario urbano ou natural, e en xeral sobre calquera elemento que, situado no espazo público e o dominio público marítimo-terrestre, estea destinado a proporcionar servizo aos cidadáns.
- h. Realizar calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar con preceptiva autorización.
- i. O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos formulados pola Administración Municipal.
- j. As infraccións que se realicen de forma consciente e deliberada, sempre que se produza un dano grave para outros usuarios ou para o dominio público.
- k. A reincidencia en faltas graves. Considerarase reincidencia a segunda falta grave cometida no prazo dun ano.

ARTIGO 43º. PRESCRICIÓNS.

1. As infraccións prescribirán:

- Moi graves: 3 anos.
- Graves: 2 anos.
- Leves: 6 meses.

2.- O prazo de prescripción das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

CAPÍTULO II. SANCIÓNS.

ARTIGO 44º. SANCIÓNS.

As sancións por infraccións da presente Ordenanza serán as seguintes:

- a. Infraccións leves: multa dende 100,00 euros ata 750,00 euros.

- b. Infraccións graves: multa dende 751,00 ata 1.500,00 euros.
- c. Infraccións moi graves: multa dende 1.501,00 ata 3.000,00 euros.

ARTIGO 45º. GRADACIÓN DAS SANCIÓN.

1.- Cando as disposicións legais non establezan outra cualificación, a determinación da contía das infraccións establecidas na presente Ordenanza calcularase tendo en conta a posibilidade de producir un risco ou un perigo para a saúde e a seguridade das persoas, o medio ambiente ou o contorno en xeral, así como a reincidencia e intencionalidade.

2.- Na fixación das multas terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

ARTIGO 46º. RESPONSABLES.

1.- Son responsables das sancións tipificadas nesta Ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, tutores ou aqueles que dispoñan de custodia legal.

2.- A responsabilidade esixible o será non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas, animais ou bens polos que se debe responder conforme ao dereito común.

3.- Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.

4.- En relación aos animais, será responsable a persoa que no momento de producirse a acción estea a cargo do animal e subsidiariamente o propietario do animal.

5.- Se fosen varias persoas as responsables e non fose posible determinar o grado de participación de cada unha delas na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

6.- Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dun dereito concedido nas mesmas, se realice algunha das infraccións tipificadas na presente Ordenanza.

ARTIGO 47º. PROCEDIMENTO.

1.- Os expedientes sancionadores tramitaranse conforme as normas contidas no Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e nas demais normas que sexan de aplicación.

2.- A competencia para a resolución do expediente e a imposición das sancións previstas na presente ordenanza corresponderalle ao Alcalde ou Alcaldesa, sen prexuízo da súa delegación noutros órganos municipais.

3.- O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 48º. PRESCRICIÓNS

1. As sancións prescribirán:

- Moi graves: 3 anos.
- Graves: 2 anos.
- Leves: 1 ano.

2.- O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Unha vez aprobado definitivamente esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no BOP de Lugo e transcorra o prazo de 15 días a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LBRL.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Quedan derogadas cantas disposicións de carácter municipal contradigan o disposto na presente Ordenanza.

Viveiro, 12 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2147

XOVE*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 15 de xullo dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 13/2.024, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por importe de 472.546,98 €.

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

Non suposto de que non se presenten reclamacións considerárase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 16 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2152

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – BURELA***Anuncio*

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLADAS POR CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2024.

BDNS (Identif.): 774831

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/774831>)

Primeiro. Beneficiarios:

Clubs deportivos federados existentes no concello de Burela, legalmente constituídos e que figuren inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados no momento de solicitar a axuda.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2024, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

35.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 15 de xullo de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2148